

## LENGUA PARA HACER EN LA LIBRETA.

Imagina que te encuentras un gatito abandonado y te gustaría llevarlo para casa, peroooo...

*Inventa una pequeña historia.*

Recuerda estas tres partes de la historia:

Al principio.....

Luego .....

Al final .....


## PLÁSTICA

# EXPRESIÓN LIBRE

Puede ser un dibujo , una manualidad de recortar y pegar, lo que más os guste.

EMPEZA TI

■ Que barco se despraza coa forza do vento? Marca.



### Vento Pequeno

Máis alá do monte, dos prados e dos bosques está o mar. É enorme e azul, e nunca para de moverse. Ata alí chega un aprendiz de vento, chámase Vento Pequeno. Observa o mar cos ollos regalados, nunca na vida vira tanta auga xunta.

-Bañareime? -pregúntase.

Ten moita calor, pero tamén un chisco de medo. Mete primeiro un refacho e non lle pasa nada. Mete dous, «a auga estache ben boa!». Mete tres, mete catro... méteos todos e abanéase coas ondas.

-Bo día! -sóltalle alguén moi preto da orella. É un vento salgado e agradable que sopra suavemente.

-Bo día! E ti quen es e que fas aquí? -pregunta Vento Pequeno.

-Son Vento Navegante, sopro no mar para lles axudar aos barcos de vela a se desprazaren -respóndelle.

Vento Pequeno mira ao lonxe e alisca un veleiro vermello sobre a auga. Móvese, pero moi pouquiño.

SOPRA E DESPOIS LE.

-Ben, teño que seguir traballando. O barco aquel quere cruzar o mar -di Vento Navegante mentres sopra con máis forza. Ao veleiro alégranselle as velas e comeza a avanzar.

-Podo ir contigo? Estou buscando oficio -dille Vento Pequeno.

-Podes. Ven comigo e serás o meu grumete.

-E que fai un grumete?

-Un grumete axúdalle ao navegante.

A Vento Pequeno encántalle ser grumete. Ao principio ceiba todas as refachos e bufa con afán. O barco esvara sobre a auga tan á prisa que as velas semellan ás de gaivota.

De súpeto, o marponse bravo. Perde a cor azul, vólvese moi escuro e dá en ruxir igual ca un león. As ondas andan a saltos por riba do barco. Vento Pequeno está cansado e ten medo.

-Grumete, se queres, volve para a terra -dille, serio, Vento Navegante no medio da tempestade-. O mar estase poñendo perigoso.

Vento Pequeno abaixa a cabeza e marcha. Pensa que cando sexa grande non ha ser navegante, é un oficio moi duro. Pero, así e todo, no mundo hai milleiros de profesións. Viaxará para coñecerlas todas.

LE CON VOZ FIRME.

COMPLETA O CONTO

■ Inventa nomes de profesións que podería desempeñar Vento Pequeno.

\_\_\_\_\_

1 Como se chaman os dous personaxes do conto? Escribe.

\_\_\_\_\_

2 Le e marca o significado das palabras destacadas.

Vento Pequeno observa o mar **cos ollos regalados**.

Coa axuda de lentes.  Cos ollos tristes.

Cos ollos moi abertos.  Cos ollos pechados.

Contexto.

• Por que regala os ollos Vento Pequeno?

\_\_\_\_\_

• Cando regalas ti os ollos: cando tes medo, cando te sorprendes...?

\_\_\_\_\_


3 Como é Vento Navegante? Colorea.

forte  salgado  molesto  agradable

4 Por que se chama Vento Navegante?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



5 Localiza o erro de cada oración e cópias corrixiada.

• Vento Pequeno non quere aprender ningún oficio.

\_\_\_\_\_

• Vento Navegante ofrécelle ser o seu temoneiro.

\_\_\_\_\_

• Vento Navegante axúdalle aos barcos de vapor a navegar.

\_\_\_\_\_

6 Por que Vento Pequeno abandona a Vento Navegante? Explica.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

7 Completa a Ficha de lectura que está nas páxinas 83 e 84; despois, recórtala e gárdala no teu portafolio.

8 Que che gustaría ser de maior? Escribe e fai un debuxo.

A min, de maior, gustaríame ser

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

